

CADA VEZ MENOS PERSOAL FAI O TRABALLO DE TODOS

O día 25 de abril tivo lugar a Comisión de Seguimento de produtividade das Unidades de Recadación Executivas da xestión realizada no ano 2023.

A TXSS comeza a reunión detallando os resultados da xestión. Están contentos porque houbo bos resultados. Pero a **CIG** entende que non é ouro todo o que refulxe.

Aínda que a TXSS explica que a nivel individual as retribucións percibidas por produtividade están aumentando, a **CIG** manifesta que en termos xerais, a TXSS está aforrando importe en produtividade pois o importe global cada vez é menor.

Os obxectivos de xestión estanse a cumprir grazas a un persoal dedicado, pero que cada vez é menos numeroso. En tempos o persoal das UURE foron 2.500 persoas polas 1.500 aprox. que hai agora. Só nos últimos 5 anos se perderon máis de 200 persoas. Ademais cada vez hai máis prazas vacantes sen cubrir, e para mostra a provincia de Lugo que ten case o 50% das prazas sen cubrir.

A Admon. sinala que agora hai moitos procesos automatizados, pero a **CIG** lembra que lanzar centos ou miles de actos, aínda que sexan automatizados, sempre xera algo de traballo (poden ser personacións espontáneas en oficinas ou chamadas telefónicas, por exemplo) que non atende a máquina, senón o persoal da URE.

Houbo un debate sobre estes temas e outros como os descontos por IT, sistema obxectivo de selección para pasar da TXSS á UURE...

En definitiva, quedan materias pendentes que, dende o punto de vista da CIG, a TXSS debería valorar e mellorar.

Seguiremos informando...